



Museo das Mariñas (de Betanzos) (III)

## Porta da Arca das tres chaves do Hospital de San Antonio de Padua, de Betanzos, coa representación dos seus fundadores

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ\*

### Sumario

Estudo da porta do arquivo do antigo Hospital de San Antonio de Padua de Betanzos, cos retratos dos seus fundadores (ca. 1674).

### Abstract

Study of the Archive door of the old Hospital of *San Antonio de Padua* of Betanzos, with portraits of its founders (ca. 1674).

Poden datarse ao redor de 1674, data da escritura de fundación do Hospital, na que se di: «*cuia obra está ya casi acabada de fabricar*». De autor anónimo, trátase de pintura ao óleo sobre táboa en cada unha das dúas follas da porta, formando conxunto. Cada folla mide, 214,5x 83,5 cm. e xuntas, 214,5x167 cm.

A «*Arca de las tres llaves*», así chamada na escritura de fundación (AMB, c. 3.132), situábase no centro do corredor alto, lado Sur, do claustro do Hospital (hoxe Pazo de Xustiza) e servía como caixa de caudais e tamén como arquivo. Nela, aínda en 1983, estaban ospapeis da institución (agora no Arquivo Municipal), dúas «tellas» de cregos e un misal.

A folla da dereita (esquerda do espectador), representa a D. Antonio Sánchez de Taibo, e a da esquerda, á súa esposa, Dña. Estefanía de Valencia e Guzmán. Entre os dous,

\* Alfredo Erias Martínez é doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquivista-bibliotecario municipal de Betanzos. <<http://anuariobrigantino.betanzos.net>>, <<http://hemeroteca.betanzos.net>>, <<http://www.alfredoerias.com>>

arriba, aparece unha nube celestial, da que saen dous raios cara ós fundadores, e que leva o seguinte texto: «*BEATVS QVI INTELLIGIT SVPER EGENVM ET PAVPEREM*», que copia o inicio do Salmo 41, titulado «Oración dun enfermo abandonado»: **‘Afortunado o que coida do débil e do pobre!** En día de desgracia libérao Yahveh’. Na parte inferior lese: «*EL S<sup>R</sup>. D<sup>N</sup>. ANT<sup>O</sup>. SANCHES DE TAIBO LA S<sup>A</sup>. D<sup>A</sup>. ESTEFANIA DE VALENCIA FVNDARON ESTE HOSPITALANO DE 1674*». Evidentemente, ofrecen a Deus o Hospital como medio da salvación das súas almas, pero tamén deixan os seus retratos ó mundo para que quede constancia de quen foron e do que fixeron.

A escritura de fundación proporcionáanos un esbozo da biografía destes personaxes, daquela veciños de Madrid, e as claves reais e psicolóxicas do por que da fundación do Hospital de San Antonio de Padua en Betanzos:

«... *don Antonio Sánchez de Taibo y Vilouzás<sup>1</sup>, cavallero del Orden de Santiago, del Consejo y Contaduría Mayor de Hacienda del Rey nuestro señor don Carlos (segundo de este nombre), rexididor perpetuo de las ciudades de la Coruña y Betanzos, natural del coto de Bregondo, jurisdicción real de la dicha ciudad de Betanzos... hijo lexítimo que... soy de los señor es Juan Sánchez de Taibo y doña Aldonza de Vilouzás, vecinos que fueron de dicho coto de Bregondo... atendiendo... a que en la dicha ciudad de Betanzos no hay hospital donde se curen sus enfermos ni los de su jurisdicción ni en la ciudad de la Coruña... me allo por no tener hijos ni hermanos... con muy precisa obligación de acudir a tan piadoso reparo, por haber nacido media legua de ella y ser su capitular, bolbiendo así para causa tan urgente a mi Criador en mi tierra, lo que, a Dios gracias, tan justamente he adquerido en más de cinquenta años que ha que sirvo a esta Monarquía en esta Corte en diferentes provincias de España y en Flandes, con el celo, verdad y pureza que es notorio, y atendiendo también mi muger y yo a los singulares favores públicos y secretos que hemos recibido de Nuestro Señor y de su Sacratísima Madre y esperando que por su infinita misericordia en el lance de la muerte, no han de permitir que nos condenemos, de un acuerdo, a honrra y gloria suya y del glorioso Apóstol Señor Santiago, único patrón de España, Y del bienaventurado San Antonio de Padua, nuestro abogado, y del mayor aumento y alibio de la dicha ciudad de Betanzos, refugio, amparo y combeniencia de sus **vecinos** y de los de su jurisdicción y de los **peregrinos** que pasaren por ella a lograr la devoción del Santo Apóstol y de sus jubileos, nos hallamos con muy eficaz deseo de ejecutar la dicha fundación...*»

Tiña un sobriño, ó que estimaba moito e que debeu xogar un papel importante na fundación do Hospital: «*don Antonio Sánchez de Ponte y Andrade, canónigo de la... Santa Yglesia Apostólica del Señor Santiago, colegial mayor en el del Arzobispo de la Universidad de Salamanca*».

«... *yo... doña Estefanía de Valencia y Guzmán, hija lexítima de los señores don Melchor de Valencia, que fue del Consejo de S. M. en el Real de Castilla, y de doña Ana de Guzmán, su muger, difuntos...*»

O status destes personaxes queda subliñado especialmente no caso do esposo, que presenta á súa dereita e na parte superior, un escudo nobiliar coa lenda: «*ARMAS DEL SEÑOR FVNDADOR*». Está enriba da cruz de Santiago, a cal aparece tamén sobre o seu ombro esquerdo, bordada no hábito da Orde de Cabalaría do Señor Santiago que ostentosamente viste. Nos pés poden verse ricos zapatos con fibelas douradas. Na cabeza

<sup>1</sup> SAAVEDRA RODRÍGUEZ, José Francisco (2011): «Don Antonio Sánchez de Taybo, Caballero de la orden de Santiago, fundador del hospital de San Antonio de Padua de Betanzos en el siglo XVII». *Anuario Brigantino*.



*Porta da Arca das tres chaves do Hospital de San Antonio de Padua, de Betanzos, coa representación dos seus fundadores. Foto: Erias.*

loce unha longa melena ondulada, á moda dos altos personaxes de Flandes e dos Países Baixos, que vemos en numerosos retratos.

D<sup>a</sup>. Estefanía de Valencia loce un sobrio peiteado con raia ó medio, do que caen ós lados e por detrás grosos rizos. Leva pendentes en forma de bágoas e unha fita de veludo

negro ao colo, que tamén se repite en cada pulso. Sobre o corpo presenta un dengue claro que se cruza enriba dunha especie de camisa escura sen abotoadura e con mangas anchas rematadas nunha franxa que fai xogo co dengue. De cintura para abaixo, viste un mandil claro sobre refaixo ocre. Resulta moi curioso que aquí vexamos xa o dengue, o mandil e o refaixo, elementos que no s. XVIII e XIX tomarán progresivamente as clases populares e pequenoburguesas para os seus vestidos de festa e que aínda hoxe permanecen esclerotizados nos chamados «traxes típicos» ou «rexionais». Mentres tanto, neses mesmos séculos, as mulleres da aristocracia e alta burguesía evolucionan a súa vestimenta ó ritmo da moda de Francia, que se divulgaba, sobre todo, a través de revistas, de gravados (logo, a fotografía e o cinematógrafo), e dos cada vez máis abundantes viaxeiros.

A representación pictórica dun matrimonio na Galicia de 1674 circunscríbese á nobreza e xeralmente como retratos illados. Tal como aquí a vemos, e con esta monumentalidade, é, dende logo, un acontecemento pouco habitual. Non sabemos quen foi o autor, pero é lóxico pensar que fose galego, non só pola incomodidade de trasladar esa grosa porta de castaño, senón, e sobre todo, pola súa escasa calidade artística en comparación coas táboas do Apostolado da Escola de Rubens (hoxe tamén no Museo das Mariñas). O seu valor, en cambio, é moi grande dende o punto de vista documental.

A impericia técnica está moi patente nas desproporcións dos distintos elementos dos corpos, sobre todo na descomunal lonxitude dos brazos del, pero tamén no tratamento inxenuo das dobras de mandil e refeixe dela, se ben é posible que, neste caso, repintes ou vernizados posteriores alterasen o orixinal. Con todo, hai referencias cultas á alta pintura da época que o autor intenta imitar, como a perspectiva do chan, o fondo escuro sobre o que sobresaen as figuras e unha acusada plasticidade nas dobras do hábito del, que sitúan a obra na estética barroca, aínda que tinguida de inxenuidade.

Chegados a este punto, só cabe pensar que os fundadores influíron nun descoñecido pintor local para que fíxese algo parecido ó que viran e admiraran nas súas longas estanzas en Flandes e nos Países Baixos. Porque alí si puideron ver auténticas marabillas ou o seu eco. Pintura próxima á realidade, derivada dos xa afastados Jan e Hubert van Eyck (s. XV-XVI): pénsese no seu monumental *L'agneau mystique* coa representación dos oferentes. E moitos outros fan o mesmo, situando os retratos dos benfeitores dentro do conxunto da obra: Rogier van der Weyden (*Polyptique du Jugement dernier*), Hugo van der Goes (*Triptyque du Martyre de saint Hippolyte*), Hans Memling (*Triptyque du Jugement dernier*)... Mesmo podería falarse tamén de innumerables retratos profanos como é o caso dos *Epoux Arnolfini*, de Jan van Eyck, aínda que aquí semella haber certo paralelo co tema da Anunciación. E posto que se movían en ambientes cultos xa na súa época terían referencias de pintores como Rembrandt, Frans Hals e, naturalmente, Rubens, Vermeer, etc.

En definitiva, o que buscaron foi facerse representar cos seus símbolos de status social, como os retratos do Países Baixos, subliñando ó mesmo tempo o contexto relixioso á maneira dos polípticos. O devandito contexto aquí, obviamente, é o propio Hospital, a obra que ofrecen a Deus (o arcebispo de Santiago será copatrón da fundación perpetua) e ó mundo (o Concello de Betanzos será outro copatrón). E para subliñar que a obra toda é equivalente ou metáfora do políptico dos Países Baixos, sitúan ós apóstolos e ó Salvador no corredor alto do claustro, flanqueando os seus retratos (centro dese corredor, lado Sur, o de Compostela). Aí, nese ambiente artístico e relixioso, cobra todo o seu significado a presenza destes personaxes, como oferentes do Hospital a Deus e ós necesitados, na procura así da salvación eterna.